



ORDENANZA Nº 18:

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE INSPECCIÓN SANITARIA E OS DE ANÁLISES QUÍMICAS, BACTERIOLÓXICAS E CALQUERA OUTRAS DA MESMA NATUREZA

—2020—



ARTIGO 1.- FEITO IMPOÑIBLE

Constituirán feitos impoñibles destas taxas os seguintes servizos que presta o laboratorio municipal:

- a) Inspección sanitaria.
- b) Análises de hidroloxía e polución do aire.
- c) Análises químicas, biolóxicas, bacteriolóxicas e bromatolóxicas de alimentos, produtos e útiles alimentarios.
- d) Análises de obxectos, materias, substancias e produtos que por calquera razón poidan exercer acción nociva, molesta, daniña ou perigosa sobre a saúde pública ou a seguridade persoal.
- e) Autorización de vertidos non domésticos de augas residuais.

ARTIGO 2.- SUXEITOS PASIVOS

Son suxeitos pasivos, obrigados ó pagamento destas taxas, as persoas ou entidades que voluntariamente ou en virtude de disposición legal ou regulamentaria soliciten e obteñan as análises, investigacións, preparacións ou informes que se realicen polo Laboratorio Municipal por calquera dos servizos enumerados no artigo 1.

ARTIGO 3.- EXENCIONS E BONIFICACIONES

Non se admitirán outras exencións e bonificacións nestas taxas que as establecidas en normas de rango legal e tratados internacionais.

1) Estarán exentos das taxas reguladas na presente ordenanza, os suxeitos pasivos membros de familias con ingresos brutos anuais per cápita inferiores a 3.934 €. A titularidade de Bens Inmóbiles de Natureza Urbana, a excepción da vivenda na que residen, non deberá superar un valor catastral total de 49.305 €.

Para a determinación dos Ingresos Brutos anuais per cápita teranse en conta as seguintes normas:

1.1 O ingreso bruto anual per cápita calcularase dividindo a totalidade dos ingresos brutos anuais da unidade familiar entre o número de integrantes. No caso dun menor de 25 anos cun grao de discapacidade superior ao 65% computarase como se foran dúas persoas. No caso de que o grao de discapacidade estivese entre 33% e 65% computarase como 1,5.

1.2 No caso de persoas maiores de 65 anos, aplicarase aos seus ingresos brutos o coeficiente 0,50.

1.3 No caso de que o suxeito pasivo desta taxa resida só nunha vivenda aplicarase aos seus ingresos brutos o coeficiente 0,55.

1.4 No caso de que se dean simultaneamente as dúas circunstancias referidas nos dous parágrafos anteriores, aplicarase o coeficiente 0,35.

1.5 No caso de que o suxeito pasivo sexa unha persoa vítima de violencia de xénero acreditada mediante sentenza firme, aplicarase aos seus ingresos brutos o coeficiente 0,35. Este coeficiente será de aplicación durante os primeiros 5 anos contados dende a data da sentenza.



1.6 No caso de que o suxeito pasivo sexa un/a titor/a monoparental, único perceptor de ingresos e os fillos non tiveran rematado o ensino obrigatorio, aplicarase aos ingresos brutos o coeficiente 0,55.

Poderá aplicarse este coeficiente no caso de que os fillos percibiran prestacións de carácter público con motivo de discapacidade, invalidez e similares.

1.7 No caso de suxeitos pasivos que tendo cargas familiares levasen en situación de desemprego mais de 22 meses ininterrompidos, aplicarase aos seus ingresos brutos un coeficiente do 0,35.

1.8 No caso de suxeitos pasivos en situación de "dependencia en calquera dos seus graos", aplicarase aos seus ingresos un coeficiente do 0,50.

1.9 No caso de suxeitos pasivos dependentes do apartado 1.8 que fose maiores de 65 anos aplicarase un coeficiente do 0,35.

1.10 No caso de suxeitos pasivos do apartado 1.8 que fosen maiores de 65 anos e residan soas aplicarase un coeficiente do 0,30.

Para o desfrute desta exención debera solicitarse expresamente e autorizar ao Concello para que recabe a información sobre os ingresos de todos os integrantes da familia á AEAT e a outras administracións públicas e aportar certificado de discapacidade se é o caso.

2) Estarán exentos do pagamento das taxas reguladas nesta ordenanza os suxeitos pasivos membros de familias que teñan a condición de familias numerosas, con ingresos brutos anuais per capita inferiores a 6.155 €.

O ingreso bruto anual per cápita calcularase dividindo a totalidade dos ingresos brutos anuais da unidade familiar entre o número de integrantes. No caso dun menor de 25 anos cun grao de discapacidade superior ao 65% computarase como se foran dúas persoas. No caso de que o grao de discapacidade estivese entre 33% e 65% computarase como 1,5.

Para desfrutar desta exención deberán achegarse á solicitude os seguintes documentos:

- Título de familia numerosa vixente a 1 de xaneiro do exercicio en que deba surtir efectos a exención.
- Autorización ao Concello para que recabe a información sobre os ingresos de todos os integrantes da familia da AEAT e outras administracións públicas.
- Certificado de discapacidade se é o caso.

ARTIGO 4.- COTAS

I) HIDROLOXÍA

Euros

1. Análise auga de consumo non tratada, incluíndo PH, conductividade, turbiedade, nitritos, nitratos, amoníaco, oxidabilidade Kmn04, reconto bacterias coliformes totais, reconto escherichia Coli b-Glucoronidasa +, reconto enterococcus intestinais 26,05 €

2. Análise auga de piscinas, incluíndo PH, conductividade, turbiedade, amoníaco, oxidabilidade, cloro libre, cloro combinado, cloro total, reconto bacterias aerobias a 36°C, reconto escherichia Coli b-Glucoronidasa +, reconto enterococos intestinais, investigación de pseudomonas a Aeruginosa, investigación de staphilococcus a aureus 67,50 €



3. Análise auga de consumo tratada, incluíndo PH, conductividade, turbiedade, residuo seco a 180°C, nitritos, nitratos, amoníaco, oxidabilidade Kmn04, dureza total, cloruros, cloro libre, temperatura, reconto de clostridium perfringers, reconto bacterias coliformes totais, reconto escherichia Coli b-Glucoronidasa +, reconto enterococcus intestinais, reconto de bacterias aerobias a 22°C	54,20 €
4. Análise auga envasada, incluíndo PH, conductividade, turbiedade, nitritos, nitratos, amoníaco, oxidabilidade Kmn04, reconto de clostridium sulfito-reductores, pseudomonas aeruginosa, reconto bacterias coliformes totais, reconto escherichia Coli b-Glucoronidasa +, reconto enterococcus intestinais, reconto aerobios mesófilos a 37°C, reconto aerobios mesófilos a 22°C	51,45 €
5. Probas presuntivas de potabilidade naquelas áreas da vila nas que non se cumpra o servizo mínimo municipal de abastecemento domiciliario de auga potable e saneamento (rede de sumidoiros), incluíndo: investigación de nitritos, amoníacos, determinación de nitratos, investigación de coliformes, e no seu caso, de coliformes fecais.	1,80 €
6. Análise de potabilidade microbiolóxica incluíndo: aerobios mesófilos, coliformes, coliformes fecais, estreptococos fecais.	24,10 €
7. Reconto de bacterias aerobias.	8,10 €
8. Investigacións de xermes coliformes.	8,10 €
9. Investigación de estreptococos	8,10 €
10. Investigación de colibacilo fecal.	8,10 €
11. Cor.	4,30 €
12. Turbiedade (escala sílice).	4,30 €
13. PH.	4,30 €
14. Conductividade.	4,30 €
15. Determinacións cuantitativas individuais de elementos e ións.	6,15 €
16. Determinación cuantitativa de metais por espectrofotometría de absorción atómica.	36,55 €
17. Determinacións que precisen a utilización do cromatógrafo de gases ou líquidos.	36,55 €
18. Demanda química de osíxeno (método do dicromato).	21,50 €
19. Demanda bioquímica de osíxeno.	21,50 €
20. Augas residuais industriais, incluíndo: PH, sólidos en suspensión, conductividade, DBO5, DQO, nitritos, amoníaco, nitróxeno total, fósforo total, graxas e aceites, mercurio, cadmio, chumbo, cromo, níquel, cinc.	258,35 €
21. Graxas e aceites.	13,65 €
22. Nitróxeno total.	13,65 €
23. Fósforo total.	13,65 €



24. Sólidos en suspensión.	9,15 €
25. Deterxentes.	9,50 €
26. Comprobación de aparatos esterilizadores, descalcificadores, desionizadores, etc.s/determ.	

II) POLUCIÓN DO AIRE Euros

1. Determinación do CO	193,60 €
2. Determinación de CO	22,85 €
3. Determinación de SO2	9,65 €
4. Determinación de NH3	9,65 €
5. Determinación de SH2	15,90 €
6. Determinación de partículas sólidas	22,85 €
7. Determinación da contaminación bacteriana do aire	22,85 €
8. Comprobacións biolóxicas especiais	s/determ.

III) BROMATOLOXICAS-QUIMICAS Euros

1. Determinacións cuantitativas de elementos correntes por separado.	6,95 €
2. Determinacións cuantitativas de elementos ou substancias especiais por separado.	s/dificultade
3. Humidade, cinzas, e graxa de alimentos.	17,30 €
4. Leite, determinacións de calidade, incluíndo: graxa, acedume, extracto seco e cinzas.	24,45 €
5. Graxas e aceites comestibles, incluíndo: acidume, humidade, índice de yodo e residuo insoluble en éter.	25,70 €
6. Sal, incluíndo: humidade, residuo insoluble en auga, nitratos, nitritos, calcio e magnesio.	36,55 €
7. Vinagre, incluíndo: acidume volátil, extracto seco, cinzas, sulfatos e investigación de ácidos inorgánicos.	29,30 €
8. Carne, peixes, embutidos, incluíndo: humidade, investigación de nitratos, nitritos, fosfatos e cinzas.	29,30 €
9. Azucres, melazas e substancias semellantes, incluíndo: humidade, cinzas e concentración de azucres.	20,40 €
10. Viños e cervexas, incluíndo: grado de alcohol, acedume total, acedume volátil, sulfatos e materia colorante artificial.	29,30 €
11. Determinación illada de grao alcohólico.	6,95 €
12. Determinación illada de acedume volátil.	6,95 €
13. Investigación illada de metais pesados, por espectro-fotometría e absorción	



atómica, previa incineración dun alimento. 45,60 €

IV) BROMATOLOXICA-BACTERIOLOXICAS	Euros
1. Reconto de bacterias aerobias en bebedizos.	8,10 €
2. NMP de xermes coliformes en bebedizos e alimentos	12,65 €
3. Reconto de estafilococos coagulasa-positivos.	14,55 €
4. Investigación de salmonelas en alimentos.	27,30 €
5. Investigación de colibacilo fecal.	14,55 €
6. Análise bacteriolóxica de leite, incluíndo: reconto de aerobios entereobacteriaceas, xermes patóxenos e proba da fosfatasa.	33,70 €
7. Análise bacteriolóxica de moluscos, incluíndo: reconto de aerobios, investigación de salmonelas, colifecal, estreptococos, vibrio parahemolítico.	68,40 €
8. Análise bacteriolóxica de xeados, natas e produtos de confeitaría, comprendendo: reconto de bacterias aerobias, coliformes fecais enterobacterias, estafilococos, coagulasa-positivos e investigación de salmonelas.	48,50 €
9. Análises bacteriolóxicas varias.	s/dificul. e custo

V) ANÁLISES DOUTRAS SUBSTANCIAS OU PRODUCTOS DENDE O PUNTO DE VISTA HIXIENICO-SANITARIO

1. Aplicaranse as taxas das tarifas anteriores segundo a dificultade e o custo dos elementos empregados.
2. Cando para algunha determinación analítica se requira o uso do cromatógrafo de gases, espectrofotómetro, etc., incrementaranse as taxas en función do custo da análise.
3. Incrementaranse nun 100% as taxas fixadas nas análises contraditorias en que os resultados sexan conformes cos ditames primitivos.
4. No caso de produtos de características que non respondan exactamente ós indicados nas tarifas sinaladas, e nos estudos, informes ou investigacións especiais que puidesen solicitarse, a súa valoración farase por analoxía coas tarifas establecidas no número 1 do presente artigo.
5. Cando para verificar algunha determinación analítica, o persoal do Laboratorio Municipal, por prescrición do seu director se desprace para recoller mostras as taxas incrementaranse 22,75 € as fixadas en cada sección e nº da tarifa.

VI) Tramitación de autorización de vertidos non domésticos de augas residuais: 234,00 €

ARTIGO 5.- DEVENGO E INGRESO

1. As taxas reguladas nesta Ordenanza devengarase no momento da solicitude do servizo.



2. O pagamento das taxas deberá realizarse con carácter previo á entrega de resultados polo Laboratorio Municipal.

3. En calquera caso, pero especialmente se existen razóns de urxencia para o coñecemento dos resultados ou se non é posible fixar con anterioridade os dereitos ou taxas do ditame solicitado, a Dirección do Laboratorio poderá esixir do solicitante interesado un depósito previo, formalizado mediante recibo provisional de cantidade que se estime dabondo para responder das taxas que se liquiden con posterioridade. Feita a análise, sinalaranse definitivamente as devanditas taxas, segundo ás normas contidas no artigo 9, devolvéndose ó interesado o depósito previo constituído ó presenta-la carta de ingreso ou recibo acreditativo de que efectuou o pagamento do servizo.

ARTIGO 6.- NORMAS ADICIONAIS

1. A prestación dos servizos regulados nesta Ordenanza haberá de solicitarse en impreso que se facilitará no Laboratorio Municipal, que será cumprimentado pola persoa interesada e deberá ser aceptado polos servizos administrativos e técnicos do Laboratorio Municipal.

2. As análises, informes, investigacións ou certificacións de resultados entregaranse ó solicitante interesado no correspondente impreso, que se estenderá por duplicado e conterá polo menos, os seguintes datos:

- a) Número de orde.
- b) Nome e apelidos do solicitante interesado.
- c) Enderezo do solicitante interesado.
- d) No seu caso, Autoridade, Centro Oficial, ou funcionario que ordenan o servizo.
- e) Data da solicitude e da entrega dos resultados.
- f) Clase de servizo efectuado.

3. O duplicado do impreso conservarase no Laboratorio Municipal como xustificante do servizo realizado. As cantidades de mostras presentadas e utilizadas para o recoñecemento e análise efectuada, quedarán tamén en depósito durante 10 días, contados dende a data de entrega dos resultados, por se houberse lugar a novos recoñecementos, informes, investigacións ou análises, sen prexuízo de que o laboratorio dea cos resultados os pousos das mostras analizadas, se se clasifican como boas. Soamente dentro do devandito prazo de dez días, o solicitante interesado poderá face-las alegacións ou reclamacións que estime convenientes, e tamén solicitar novas investigacións, informes ou análises.

4. A dirección do Laboratorio, baixo a súa responsabilidade, coidará de non entrega-los resultados, sen que o solicitante interesado presente a carta de ingreso ou recibo acreditativo de que efectuou o pago do servizo.

ARTIGO 7.- INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

En materia de infraccións tributarias desta Ordenanza así como a súa cualificación e as sancións correspondentes será de aplicación a Ordenanza Fiscal Xeral, Lei Xeral Tributaria e restante normativa de aplicación.

DISPOSICIÓNS FINAIS

1ª.- No non previsto na presente Ordenanza Fiscal será de aplicación a Ordenanza Fiscal Xeral, Lei 58/2003 Xeral Tributaria e restante normativa de aplicación.



2ª. Esta Ordenanza Fiscal entrará en vigor o día seguinte a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro do 2015, permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación

PUBLICACIÓNS B. O. P.:	30 DE DECEMBRO DE 1998
	30 DE DECEMBRO DE 1999
	27 DE DECEMBRO DE 2000
	30 DE NOVIEMBRE DE 2001
	26 DE DECEMBRO DE 2002
	30 DE DECEMBRO DE 2003
	29 DE NOVIEMBRE DE 2004
	07 DE DECEMBRO DE 2005
	30 DE DECEMBRO DE 2006
	10 DE DECEMBRO DE 2007
	10 DE DECEMBRO DE 2008
	11 DE DECEMBRO DE 2009
	14 DE DECEMBRO DE 2010
	22 DE NOVIEMBRE DE 2011
	21 DE DECEMBRO DE 2012
	30 DE OUTUBRO DE 2014